



ACTA Nº 2021/2

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., venres 26 de febreiro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2021.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS PÚBLICOS.

2. **Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº2020/C004/000008: Contratación harmonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.**



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 22 de febreiro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

- 2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Expediente de Contratación Nº2020/C004/000008: Contratación harmonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.**

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN REGULACIÓN ARMONIZADA, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE CEE

EXPEDIENTE Nº 2020/C004/000008.

Visto o expediente tramitado ao efectos, e entre outra documentación: Memoria Xustificativa, Estudo Económico, Retención de Crédito, Informe Xurídico e Informe de fiscalización.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, regulación harmonizada, cos Informes que no mesmo constan.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, que han de rexer a presente contratación e a súa licitación por procedemento aberto.

TERCEIRO: Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

PRESIDENTA: Alcaldesa do Concello ou membro deste en que delegue.

VOGAIS: D. Ramón Vigo Sambade

(VOGAIS SUPLENTEs correlativamente D. Juan Ramón Hermida Fandiño e D. César Fernando Pérez Martínez).

O Arquitecto ou Arquitecto Técnico ou técnico que proceda en función da materia obxecto de contrato (Funcionario municipal).

Asesor Técnico: D. Francisco Javier Copa Rodríguez (Xefe de sección de Xestión Ambiental IV, da Xefatura Territorial da Coruña.

A Secretaria do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa.

A Interventora do Concello ou habilitado que legalmente a substitúa

SECRETARIO: Don Jesús Roget Salgado ou funcionario en quen delegue

CUARTO: Aprobar a apertura da licitación para adxudicación do contrato mediante a publicación do pertinente anuncio a través da Plataforma de contratación do sector público, así como a publicación do presente acordo coa composición da mesa, o acordo plenario sobre xustificación da necesidade da



contratación, a memoria xustificativa e os pregos pola que ha de rexerse, quedando condicionada a execución do contrato á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente no exercicio seguinte.

QUINTO: *Publicar ademais a licitación no Diario Oficial da Unión Europea, ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.*

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

INTERVENCIONS

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta.

Sr Dominguez García: si vamos a ver, si fomos irresponsables como Vde votabamos en contra, primeiro cando quixemos presentar alternativas se nos criticou e insinuaba que tiñamos interese por algunha empresa agora que chegamos a acordo houbo que sair o dia seguinte dicindo que a enmenda do Pp está informada desfavorablemente pola Secretaria, oe non vai ser que non quede eu por enriba, e nos a secretaria con bo criterio informou desfavorablemente os criterios técnicos porque viñan do prego que habiamos feito nos e non estaban explicados debidamente, pero non descalificar e desacreditar o que nos propoñíamos xa dice usted que no, que estaba informado desfavorablemente, sin embargo os criterios económicos mantiveronse e tratamos de chegar a un acordo con remendo de mala maneira porque o prego quedou peor co que nos propoñíamos, queríamos evitar que non pase o mesmo que pasou ca empresa de limpeza que usted os únicos criterios que ten nos pregos que llos pedín soamente é o prezo e despois que pasa, explotase os traballadores e non se lle paga e resulta que a limpeza o mes de xaneiro cobraron a finais de febreiro, claro usted di que lle abre un expediente e ten o problema resolto, pidolle que teña cuidado con ese tema porque vai ser dificil que cheguemos a outro acordo. Respecto prego no tema da eficiencia no plan de sensibilidade nos non o aumentamos simplemente o copiamos do prego do goberno, e dixo uste que estaba mal porque se puntuía nas dúas partes na económica e técnicas e siguese mantendo igual eu vouno votar favorablemente pero digo por si hai problema porque a secretaria dixo que non podía puntuarse nas técnicas e nas económicas, por eso o digo que quedou igual por si hai que correxilo pero vamos votar favorablemente.

Sra alcaldesa: vamos a ver, para reiterar nuevamente hubo varias comisiones usted en una trajo las enmiendas que presentó en la última comisión, ya en esa comisión se le infomó que no iban a ser favorable por parte de los técnicos, usted viene al pleno presenta un escrito que envió por wasap se convocó una comisión para dar cuenta del informe de secretaría que era desfavorable a la propuesta que hace y en esa comisión partiendo de los pliegos iniciales se llegó a un acuerdo con respecto a la puntuación, cualitativa y cuantitativa, eso fué así.

Sr Domínguez García: pero ten que sair desacreditando o que nos fixemos, sempre si no queda por encima no sirve tiene que tener el as para matar el tres sinon no vale, insisto en lo sucesivo posiblemente pues votaremos en contra de muchas cosas que teníamos que votar a favor

Sra alcaldesa: puede votar lo que considere conveniente lo que hay que decir es la verdad.

Sr Domínguez García: usted a verdad non a di nunca, di mentiras a medias siempre verdades a medias que é a peor das mentiras

Sra alcaldesa: no Sr Dominguez no miento, es la verdad, está recogida en acta.



Sr Domínguez García: usted é especialista na mentira está instalada na mentira

Sra alcaldesa: es difícil que me respete cuando estoy interviniendo, yo a usted lo escucho callada y le pido que cuando intervengo me escuche

Sr Domínguez García: disculpe Sra alcaldesa

Sra alcaldesa: ante todo educación

Sr Vigo: penso que realmente o acordo casi unanime que vai ter este punto hoxe pudo se acadar con anterioridade si se fixera pois caso s emendas que presentaba o Pp no seu día, é dicir, teño que recoñecer que as nosas obxeccións foron recollidas xa con anterioridade polo tanto pola nosa parte vaia pero entendía que se había cuestións que valorar era bo valorar, a Secretaria no seu informe simplemente di que unha parte do que se plantexaba non era xuridicamente correcto pero outra parte si e foi a que se negociou o outro día por eso chegamos a un acordo, quero dicir que si se ten boa vontade inda non habendo maiorías se poden conseguir as maiorías necesarias para estes acordos importantes como o prego da recollida de lixo.

Sra alcaldesa: la Sra Secretaria informó desfavorablemente y de forma íntegra a las enmiendas presentadas por el Sr Domínguez, íntegramente, al acuerdo que se llegó fue con respecto a las puntuaciones en la parte cualitativa y cuantitativa pero las enmiendas fueron todas informadas desfavorablemente, hay que decir la verdad, si Sr Domínguez hubiera propuesto eso en la comisión respectiva se hubiera llegado antes a la solución pero fue necesario que emitiera la secretaria informe por escrito porque insistía en las mismas enmiendas cuando se le explico de forma verbal que no era posible las volvió a traer a un pleno y fue necesario el informe desfavorable por escrito para que se entendiera y a partir de ahí se llegó al acuerdo que se llegó, que se pudo llegar antes? si, si atendiera

Sr Vigo: sigo decindo o mesmo, a parte a que se chegou a acordo que fai referencia o prezo entre outras cousas non cuestionaba a secretaria e xa as plantexaba o Pp na comisión anterior, non na inmediatamente anterior nas outras

Sr Domínguez García: o prezo recolleuse o que decíamos na enmienda, a cuestión económica recollese a que presentamos na enmienda osea que o informe era desfavorable en parte non na totalidade, pero non, ten que ser na totalidade

Sra alcaldesa insistir en lo mismo y por mucho que lo explique no lo quieren entender pues ya está

Sr Domínguez García: xa ve o que está pasando cos pregos que fai Vde que as traballadoras non cobran

Sra alcaldesa: de la limpieza? no son míos,

Sr Domínguez García: meus tampouco

Sra alcaldesa: pues míos no son,

Sr Domínguez García: e logo de quen son

Sra alcaldesa: anteriores

Sr Domínguez García: en agosto estaba gobernando Vde si non eran bos cambiaraos

Sra alcaldesa: eran anteriores, en todo caso estamos en la solución a ese problema, hay soluciones

Sr Domínguez García: si pero o mes de febreiro está sen cobrar

Sra alcaldesa: el mes de febrero aún tienen hasta el día 4, estamos buscando una solución al problema.

Sr Domínguez Louro: nos mantemos a abstención como voto porque xa é a terceira vez que se vota este PCAP e a razón é a mesma, evidentemente porque o que dixen sempre non creemos nas privatizacións ata que se demostre o contrario, que sexa mais barato co cal a abstención é para non entorpecer o proceso no que as outras forzas están de acordo, co cal, dicir tamen que as emendas que nos presentamos na primeira reunión que se tivo foron recollidas démonos por satisfeitos nese aspecto porque tratamos de axudar e nada mais, cando estea aprobado e veña empresa nova dende o BNG seguiremos aportando todo o que se nos ocorra para que o servizo sexa o de maior calidade posible e evidentemente que sexa o menos custoso posible para o concello que é o que nos interesa a todos e todas neste Pleno.



Sr Hermida: como di Serxio que é a terceira vez que ven a pleno vou votar a favor sempre e cando digo que hai cousas que o meu entender serían posible cambiar e serían doutra forma peor neste caso vou votar a favor xa e darlle para adiante a este tema.

VOTACIÓN

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 11 votos a favor dos restantes concelleiros/as que integran a Corporación.

3. **Proposta da Alcaldía relativa a incoación da resolución contractual da concesión do posto Tipo E, Local 31 do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000031.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 22 de febreiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da Alcaldía relativa a incoación da resolución contractual da concesión do posto Tipo E, Local 31 do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000031.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: INCOACIÓN DA RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DA CONCESIÓN DO POSTO TIPO E, LOCAL 31 DO MERCADO DE ABASTOS DA VILA DE CEE.

EXPEDIENTE Nº: 2019/X999/000031.

Considerando o seguinte informe conxunto emitido pola Secretaria e Interventoría Municipis, que literalmente di:

“INFORME DE SECRETARIA/INTERVENCIÓN Á INCOACIÓN DA RESOLUCIÓN CONTRACTUAL DA CONCESIÓN DO POSTO TIPO E, LOCAL 31 DO MERCADO DE ABASTOS DA VILA DE CEE.

Rocío Hermida Cancela, Secretaria do Concello de CEE, e D^a Rosa M^a Fernández Canosa, Interventora Municipal emiten o seguinte **INFORME** previo a resolución contractual referida no encabezamento;

ANTECEDENTES

- 1) *Contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e D. [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo E Local 31 Mercado de Abastos.*
- 2) *Informe da Tesoureira Municipal.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



— Os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

— Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (En adelante TRLCAP)

— O artigo 109 e seguintes do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

— O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réximen Local.

— Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no novo mercado de abastos da Vila de CEE.

— Prego de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediante subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003.

— Contrato Administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004.

Producida a entrada en vigor da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, a súa Disposición transitoria primeira establece que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, rexeranse en canto á súa extinción, entre outros aspectos, pola normativa anterior. Agora ben, para a determinación da lei aplicable ao procedemento de resolución, debemos remitirnos ao momento de incoación do procedemento, data na que está vixente o TRLCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Estarán suxeitos a concesión administrativa tanto o uso privativo que determine a ocupación con obras ou instalacións fixas dos bens de dominio público como o seu uso anormal, conforme ao disposto no artigo 78.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO. Conforme dispón o artigo 75 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a utilización dos bens de dominio público pode adoptar as modalidades seguintes,

— Uso común, o correspondente por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso duns non impida o dos demais interesados, e estimarase:

a) Xeral, cando non concorran circunstancias singulares.

b) Especial, si concorresen circunstancias deste carácter polo perigo, intensidade do uso ou calquera outra semellante.

— Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados.

— Uso normal, o que for conforme co destino principal do dominio público a que afecte.

— Uso anormal, si non for conforme con devandito destino.

TERCEIRO. De conformidade co artigo 78.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, as concesións outorgaranse previa licitación, con arranxo aos artigos seguintes do citado decreto e á normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.



CUARTO. En toda concesión sobre bens de dominio público fixaranse as cláusulas con arranxo ás cales se outorgar, e sen prexuízo das que se xulgaren convenientes, constarán estas:

- a) Obxecto da concesión e límites a que se estender.
- b) Obras e instalacións que, no seu caso, houber de realizar o interesado.
- c) Prazo da utilización, que terá carácter improrrogable, sen prexuízo do disposto na normativa especial.
- d) Deberes e facultades do concesionario en relación coa Corporación e as que esta contraese.
- e) Si mediante a utilización houberen de prestarse servizos privados destinados ao público tarifables, as que houberen de rexelos, con descomposición dos seus factores constitutivos, como base de futuras revisións.
- f) Si outorgar subvención, clase e contía da mesma, prazos e formas da súa entrega ao interesado.
- g) Canon que houber de satisfacer á Entidade Local, que terá o carácter de taxa, e comportará o deber do concesionario ou autorizado de abonar o importe dos danos e prexuízos que se causaren aos mesmos bens ou ao uso xeral ou servizo ao que estiveren destinados.
- h) Obrigación de manter en bo estado a porción do dominio utilizado e, no seu caso, as obras que construír.
- i) Reversión ou non das obras e instalacións ao termo do prazo.
- j) Facultade da Corporación de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, si xustificáreno circunstancias sobrevindas de interese público, mediante resarcimiento dos danos que se causaren, ou sen el cando non proceder.
- k) Outorgamento da concesión, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.
- l) Sancións en caso de infracción leve, grave ou moi grave dos seus deberes polo interesado.
- m) Obrigación do concesionario de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición da Administración, dentro do prazo, os bens de obxecto da utilización e o recoñecemento da potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.

QUINTO. Causas de Resolución contractual.

Dispón o **artigo 111 do** Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

“Causas de resolución:

Son causas de resolución del contrato:

(...)

G) El incumplimiento de las restantes obligaciones contractuales esenciales.

H) Aquellas que se establezcan expresamente en el contrato.

I) Las que se señalen específicamente para cada categoría de contrato en el articulado de esta Ley.”

O Artigo 167 literalmente di:

“Causas de resolución. Son causas de resolución del contrato de gestión de servicios públicos, además de las señaladas en el artículo 111, con la excepción de sus letras e) y f), las siguientes:

- a) La demora superior a seis meses por parte de la Administración en la entrega al contratista de la contraprestación o de los medios auxiliares a que se obligó según el contrato.
- b) El rescate del servicio por la Administración.
- c) La supresión del servicio por razones de interés público.
- d) La imposibilidad de la explotación del servicio como consecuencia de acuerdos adoptados por la Administración con posterioridad al contrato.”

SEXTO. Obrigas contractuais.

O artigo 161 do TRLCAP adicado as obrigacións xerais, literalmente di:

“El contratista estará sujeto al cumplimiento de las siguientes obligaciones con carácter general:



- a) Prestar el servicio con la continuidad convenida y garantizar a los particulares el derecho a utilizarlo en las condiciones que hayan sido establecidas y mediante el abono, en su caso, de la contraprestación económica comprendida en las tarifas aprobadas.
- b) Cuidar del buen orden del servicio, pudiendo dictar las oportunas instrucciones, sin perjuicio de los poderes de policía a los que se refiere el artículo 155.
- c) Indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, excepto cuando el daño sea producido por causas imputables a la Administración.
- d) Respetar el principio de no discriminación por razón de nacionalidad, respecto de las empresas de Estados miembros de la Comunidad Europea o signatarios del Acuerdo sobre Contratación Pública de la Organización Mundial del Comercio, en los contratos de suministro consecuencia del de gestión de servicios públicos.”

Cabe sinalar que o cumprimento é a maneira de remate normal dos contratos en xeral (artigo 110 TRLCAP), e dos contratos de concesión administrativa, en particular, ao implicar a plena satisfacción da necesidade administrativa perseguida pola Administración e, en definitiva, a consecuencia do obxecto perseguido co instrumento contractual.

O Prego de de Cláusulas Económico-Administrativas para a concesión mediante subasta dos postos de venda e cafetería do novo mercado de abastos da Vila de CEE aprobado en sesión plenaria do 3 de outubro de 2003 **na cláusula 4** como obrigacións do concesionario, entre outras, establece:

“ (...)

- __ Satisfacer o canon nos termos previstos na correspondente Ordenanza fiscal reguladora e demais exencións que correspondan.
- __ Cumplir a normativa de funcionamento e demais normativa reguladora do Mercado.
- __ Cumplir as demais obrigas que resulten do Regulamento regulador do Mercado de Abastos da Vila de Cee na medida que resulte aplicable e outras regulamentacións sectoriais, así como cumprir as obrigas que resulten dos Regulamentos e Ordenanzas que dicte con posterioridade o Concello de Cee en uso da súa postestade normativa. (...)”

A Cláusula 11 do referido prego indica:

“La concesión se extingue por las siguientes causas:

(...)

__ Resolución por incumplimiento de las obligaciones contractuales con arreglo a la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.”

O contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004, na cláusula 3 establece:

“O prazo de concesión iníciase a partir da notificación do acorda da adxudicación, e o canon mensual a pagar, estará fixado pola correspondente Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de Servicos do Novo Mercado de Abastos da Vila de CEE.”

SÉTIMO. Incumplimentos do concesionario.

Consta informe emitido pola Tesoureira do Concello co seguinte tenor literal:

“MARIA ANGELINA BLANCO RIAL, Tesoureira do Concello de CEE, na provincia de A Coruña.
INFORMA: Que según os datos obrantes nesta Tesourería ao meu cargo, resulta que,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



██████████ TEN pendentes en executiva as seguintes débedas, correspondentes ao Posto num. 31 Tipo E, do Mercado de Abastos:

2º Semestre de 2019	255,95€
1º Semestre 2020	215,84€
2º Semestre 2020	215,84€

Para que así conste e a petición de parte interesada, expido a presente en CEE a catro de febreiro do dous mil vinte e un.

A TESOUREIRA. Fdo. Dixitalmente."

NOVENO.- Procedementos a seguir para a resolución contractual.

Son catro os procedementos que deben tramitarse: resolución do contrato, indemnización de danos e prexuízos, liquidación e, no seu caso, o de declaración de prohibición para contratar.

1. Resolución Contractual.

É de aplicación o art. 109 do RXCAP, que declara ex lege de urxencia o procedemento, xa transcrito. O órgano competente para resolver e incoar é o Pleno, que deberá designar un instrutor encargado de impulsar o procedemento e formular unha proposta de resolución.

Deste modo, esquematicamente, a orde dos trámites sería a seguinte:

- Acordo plenario de incoación do procedemento e de designación do instrutor, acompañado de informe de Secretaría.
- Realización de oficio dos actos de instrución que se consideren precisos (informes sobre o estado das instalacións, xurídico e financeiro etc)
- Informe do Servizo Xurídico do Concello e da Intervención
- Audiencia ao avalista (de ser o caso) e ao concesionario (10 días)
- Proposta de resolución
- Remisión ao Consello Consultivo
- Resolución motivada e con pronunciamento expreso sobre a liquidación da garantía

2. Indemnización de danos e prexuízos

O Consello Consultivo reconece expresamente a posibilidade de que este procedemento se tramite conxuntamente co de resolución (vid. Ditame 2347/2001, de 13 de setembro).

3. Liquidación do contrato

Numerosos ditames do Consello de Estado declararan que a indemnización que deba satisfacer o contratista pode compensarse co saldo resultante da liquidación de modo que ambos os dous procedementos poden tramitarse conxuntamente co de resolución (ditames 2879/2002, de 24 de outubro e 2509/2004, de 25 de novembro).

4. Declaración da prohibición para contratar

O art. 20 TRLCAP supedita a imposición desta declaración á "resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración".

DÉCIMO.- En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da garantía constituída a cal consta no expediente que o concesionario efectuou en data 9 de decembro de 2003 o mandamento de ingreso Nº 693 pola cantidade de 120,46 euros como fianza definitiva depositada pola adxudicación do posto, ante os incumprimentos contractuais referidos debe proponerse a súa incautación previa audiencia do concesionario e todo sen perxuício das indemnizacións por danos e pérdidas que poideran derivarse logo da instrución.

CONCLUSIÓN:

Considerando que en base a todo o exposto anteriormente e, sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, procede a incoación do procedemento de resolución contractual do contrato



Exp. 2021/G010/000002

administrativo da concesión administrativa do posto 31 Tipo E do Mercado de Abastos podendo este órgano tramitar simultaneamente indemnización de danos e prexuízos e liquidación contractual de conformidade coa tramitación indicada.

Ademais, de conformidade co artigo 114 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, é preceptivo o informe de Intervención, trámite cumprido ao ser o informe emitido de forma conxunta. Asinado dixitalmente ao marxe."

Por todo o exposto, **PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO DE CEE** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Incoar o procedemento de resolución contractual do contrato administrativo asinado o 19 de xaneiro de 2004 entre o Concello de Cee e D. [REDACTED] relativo a concesión do posto Tipo F Local 30 Mercado de Abastos.

SEGUNDO. Que se dea audiencia aos Heredeiros de D. [REDACTED] por un prazo de dez días hábiles desde a notificación deste acordo, para que presenten as alegacións que estime oportunas.

TERCEIRO. Nomear como instrutora do procedemento a D^a Patricia Tellado Campos, funcionaria do Concello de Cee, a efectos de que requira os informes que estime oportunos, neste senso, estarase ao establecido sobre abstención e recusación aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Recabar asimesmo os informes que se consideren pertinentes en orden a determinar os efectos que as causas de resolución levan consigo, isto é, ademais da incautación da garantía, a indemnización de danos e perxuízos a favor do Concello, así como a reversión das instalacións e determinación do importe das inversións realizadas necesarias para a explotación da concesión tendo en conta a súa amortización, desta forma, a proposta de resolución dos mesmo que proceda elaborarase a vista do anterior, será sometida a pertinente audiencia da parte interesada.

QUINTO.- En canto a indemnización de danos e perxuízos a favor da Administración, respecto ao cálculo se estará ao que proceda acordar na correspondente peza separada no que exceda do importe da garantía definitiva que procede incautar.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, algunha intervención?

Sr Dominguez Louro: unha preguntíña, con esta persoa falouse en persoa?, valga a redundancia, si se lle comunicou verbalmente ou se fixeron os trámites legais oportunos.



Sra alcaldesa: se falou moitas veces, moitas veces, neste caso cos heredeiros

Sr Domínguez Louro: vale, eu digo simplemente porque nos está quedando un mercado municipal que imos ter que chamar o sahara polo deserto que nos está quedando.

Sra alcaldesa: adelanto que imos facer un estudio con respecto o mercado municipal, o obxecto é a análise do estado actual da edificación, do impacto económico e potencial do mercado na contorna, la recogida de percepciones y opiniones por los usuarios y placeros, la descripción de oferta y demanda existente y futura, nivel ocupación, diversidad con ficha individual de puestos activos del mercado, como actuaciones de mejora, estrategia de optimización y redimensionamiento de usos, propuestas de actuaciones de innovación y valoración y mejora de procedimientos administrativos municipales para incentivar el mercado y el grado de cumplimiento para tener el sello de mercado excelente de la comunidad autónoma, esto va implicar el estudio de usos y mejoras, un anteproyecto con estudio de viabilidad del proyecto, elaboración de propuestas de actuación, la elaboración de imágenes tridimensionales para una correcta comprensión de la propuesta, mediciones para presupuesto a nivel de anteproyecto, estudio y valoración de ejecución por fases de la obra y documentación gráfica y memoria descriptiva para una mejor comprensión de la propuesta, espero en 2 o 3 meses tener el estudio con las propuestas, igualmente quien va a realizar ese estudio se va a poner en contacto con los portavoces de la oposición para una entrevista individualizada, luego traer a comisión, el objetivo del gobierno es promocionar, potenciar y buscar solución al mercado, tanto en incentivos, cambios respecto a actividades con la renovación que tenemos que hacer, el objetivo de hacerlo en 2 meses es para optar a subvenciones que se pueden obtener de los fondos europeos, en un promedio de 2, 2 meses y medio ya tendríamos el estudio realizado.

Sr Domínguez Louro: celebro que sexa así falaremos mais polo miudo do que acaba de contar, evidentemente é difícil de collelo así todo nun momento y celebro que se lle queira dar un pulo o mercado porque está necesitado delo e o BNG presentou unha moción fai uns anos no anterior mandato que tamén estaba Vde, está aí e aprobada e bueno cando queiran falar con nos, levaremos esas propostas independentemente doutras que poidamos engadir a moción porque as cousas van cambiando e se poden mellorar e polo tanto estaremos encantadísimos de falar con quen sexa para aportar o noso gran de area porque todo iso que aportamos non deixa de ser inquietudes e proposición dos propios praceiros que nos quixemos trasladar e volveremos a trasladar sin problema pola nosa parte toda a colaboración para conseguir o fin e acadar un mercado potente e moderno e habil e vital para Cee e para os propio praceiros e para a toda cidadanía ceense.

Sra alcaldesa: reiterar que el objetivo es tratar de conseguir el sello de mercado excelente de la comunidad autónoma de Galicia y optar a más subvenciones, de ahí el estudio y tratar de conseguir la reactivación de un mercado que al final es el principal y único que tenemos en toda la costa da morte.

Sr Domínguez Louro: un mercado que se lle fixo tanto dano cas superficies grandes fora de Cee que seguramente está pagando as consecuencias de eso todo pero o mal está feito e hai que intentar amainar as consecuencias que deses feitos se traen e suceden agora, era un simple apunte nada mais, reitero que estaremos encantadísimos de aportar o que consideremos convinte e volver a falar de este asunto.

Sr Hermida: votar a favor, entendo que comunicou por todos os medios e todo mundo debe cumprir.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Grupo Mixto e 8 abstencións dos grupos políticos PP, IXCee e BNG.

DA COMISIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA

4. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



ANO 2021. Expediente Nº 2021/X999/000069.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 22 de febreiro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS ANO 2021. Expediente Nº 2021/X999/000069.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Plan Estratéxico de Subvencions 2021.
EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000069.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencions é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencions, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial do Plan Estratéxico de Subvencions 2019/2020 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“ PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencions deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencions.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencions sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencions e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencions ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencions, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunde de



forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

Artigo 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2021 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

2021

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor.



- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Entroido...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidades de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Custos previsibles:** 13.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Custos previsibles:** 6.000€ para 2021

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

B) Museos

Obxectivos: Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte

d) **Custos previsibles:** 18.000€ para 2021

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos



f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Costos previsibles:** 18.100 para o 2021.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de **80.000€**

Artigo 10

No marco da competencia de **promoción do comercio** e ca participación da Deputación da Coruña no ámbito do programa PEL 2020 procedentes do exercicio 2020 se pretende a concesión de subvencións a empresas/ autónomos na aplicación orzamentaria 433/47900 por importe de **186.570,79€** en aras a paliar os efectos do COVID 19 no tecido empresarial do Concello de Cee. Os créditos correspondentes á aportación municipal proceden do RTGX a través da Incorporación de remanentes correspondente polo que non consumen previsións iniciais do orzamento en vigor.

Artigo 11

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 12

Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratégico de Subvencións.

Anexos:



1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2021 dentro do orzamento prorrogado do 2020.

• **NOMINATIVAS 2021**

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable

• **EN CONCURRENCIA 2021**

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emerxencias sociais
230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais

330/481.00	Sen especificar	6.000	Premios de carnaval, campaña de lectura etc cultura
------------	-----------------	-------	---

SEGUNDO.-Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello <https://www.cee.gal>.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

CUARTO.- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta do Plan de Subvencións, algunha intervención?

Non se producen mais intervencións.

-----VOTACIÓNS-----

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

5. Proposta da alcaldía relativa á atribución do nome de D^a M^a Concepción Blanco Blanco á zona axardinada existente detrás do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE N^o: 2021/X999/000070.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 22 de febreiro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"2. Proposta da alcaldía relativa á atribución do nome de D^a M^a Concepción Blanco Blanco á zona axardinada existente detrás do Mercado de Abastos da Vila de Cee. EXPEDIENTE N^o: 2021/X999/000070.

Considerando a seguinte:

"PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Atribución do nome de D^a M^a Concepción Blanco Blanco á zona axardinada existente detrás do Mercado de Abastos da Vila de Cee.

EXPEDIENTE N^o: 2021/X999/000070.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a homenaxe impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), que chega en 2021 á súa XXVII edición, recaendo nesta ocasión na figura de D^a M^a Concepción Blanco Blanco, que decidiu ser homenaxeada en Cee.

En consecuencia o acto principal, a celebrar no vindeiro mes de xuño, incluírá varias actividades como a entrega dunha peza escultórica, a plantación dunha árbore simbólica elixida pola propia autora, a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome da autora a un espazo público. Neste último aspecto, o Concello de Cee considera axeitado adxudicarlle o nome de D^a M^a Concepción Blanco Blanco á zona axardinada existente detrás do mercado municipal.

Visto o informe previo "Proposta do nome da escritora Concha Blanco a unha zona de xardíns públicos no núcleo urbano de Cee", emitido por D. Victor Castiñeira Castro, técnico de cultura do Concello de Cee, que obra no expediente.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a atribución do nome de D^a M^a CONCEPCIÓN BLANCO BLANCO, escritora, á zona axardinada situada detrás do Mercado de Abastos da Vila de Cee.

SEGUNDO. Notificar a proposta de denominación aos interesados para que no prazo de dez días, presenten as alegacións e suxestións que consideren necesarias.

TERCEIRO. Abrir un período de información pública por prazo de vinte días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.cee.gal>] e no Taboleiro de anuncios.



CUARTO. Elevar este Acordo a definitivo se non se presentan alegacións no trámite de audiencia e información públicas, e en tal caso, notificar ás Administracións Públicas interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no Municipio servizos destinados á colectividade [INE, servizo postal, etc.].

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa: coñecen a proposta simplemente engadir que a traxectoria de Concha Blanco é ben coñecida e de amplo recoñecemento no eido cultural galego, ten destacado especialmente tanto na faceta de mestre en varias xeracións de ceenses e veciños/as dos concellos próximos, como no de escritora, Concha Blanco constitúe unha das mais valiosas achegas a nosa construción cultural o que hai que engadir a súa extraordinaria calidade humana e que sen dúbida a fai merecedora do recoñecemento que vamos aprobar hoxe, dar o nome de Concha Blanco a zona axardinada que está nas proximidades do mercado de abastos.

Sr Domínguez García: estamos completamente de acordo que se dedique esta praza a Concha Blanco e que bueno que en Cee aparezan calles con xente importante como Concha Blanco.

Sr Vigo: reiterar o que xa dixen na comisión previa, que se falou deste tema que estamos completamente de acordo co recoñecemento e co sitio elixido pola traxectoria profesional, artística e tamén porque é unha persoa sempre disposta a colaborar co concello de Cee cando se lle require.

Sr Domínguez Louro: nos estamos encantadísimos de apoiar esta proposta por todos os valores que se describiron de Concha Blanco aparte no meu caso persoal toda a admiración e cariño que lle teño dende fai moitísimos anos, e dende a Asociación Pedra Miúdas de Lires a que eu pertencía naquel momento trouxérase o nome para as ultimas medallas de Fernando Blanco, o final non poidera ser pero naquel momento dende Lires queríamos facerlle un recoñecemento porque criamos que era merecedora dese distintivo daquela non puido ser pero hoxe o cerebro porque ademais vai sair por unanimidade e nada mais, simplemente felicitala e dende aquí desexarlle todos os meus bos desexos como ela sabe que llos desexo como fai moitos anos e cerebro moito que esa praza vaia ter ese nome de Concha Blanco.

Sr Hermida: plenamente de acordo con esta proposta e especialmente a Concha Blanco.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

6. Ditame da Comisión informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego relativo á: Declaración Institucional: 8 de marzo día internacional das mulleres.

Considerando o seguinte:



Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 22 de febreiro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

Punto introducido por urxencia na sesión logo da súa ratificación por unanimidade dos asistentes:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL : 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Hoxe 8 de marzo é unha data destacada no calendario internacional .

Esta data foi institucionalizada polas Nacións Unidas no ano 1975 como „Día Internacional das Mulleres“ recoñecendo de maneira implícita que as mulleres (a metade da poboación do planeta) habita nel en clara desventaxa cos homes, recondándonos que a desigualdade de xénero é unha realidade contra a que temos que loitar. Se ben é certo que foron moitos os logros acadados ó longo dos anos, quedan moitas inxustizas por superar, polo que é necesario seguir deseñando políticas públicas que corrixan esta discriminación.

O Día Internacional da Muller conmemora a loita das mulleres por un mundo máis xusto no que teñamos as mesmas oportunidades que os homes. É ,ademais, unha ocasión para o recordo e homenaxe ás mulleres que nos precederon e que impulsaron estes ideais.

Gustaríanos mencionar especialmente as mulleres do rural onde as desigualdades de xénero tanto no ámbito laboral como noutros ámbito son máis evidentes e acentuadas. O envellecemento da poboación incrementa as situacións de convivencia con persoas en situación de dependencia, o que repercute na carga de traballo das persoas coidadoras que polo xeral son as mulleres, diminuíndo as súas posibilidades de participación laboral, política ou social.

Temos que recordar que a coeducación é clave para promover modelos corresponsables, xa que permiten a educación en igualdade das nenas e nenos . É necesario desterrar os roles, estereotipos e prexuízos de xénero. E por iso preocupa o freo nos avances dos indicadores de igualdade entre adolescentes, xa que é fundamental a implicación das persoas mozas para proxectar un futuro en igualdade, un futuro que estea impregnado de perspectiva de xénero.

É un bó momento para a reflexión sobre os logros acadados nos últimos anos e poder asegurar a ausencia efectiva de discriminación, promover cambios sociais que acaben coas desigualdades e seguir mellorando a lexislación para que a súa implantación sexa máis adecuada.

Somos conscientes de que o compromiso social é fundamental para acadar este obxectivo de igualdade real entre mulleres e homes, por iso dende o Concello de Cee apostamos por visibilizar a desigualdade como primeira forma de loitar contra ela e por continuar traballando na sensibilización, prevención e erradicación da violencia de xénero.

A IGUALDADE DE XÉNERO NON É UNHA CUESTIÓN DUN DÍA, NIN DE UN MES, NIN DE UNHA ACTUACIÓN CONCRETA, NIN SEQUERA DUN GOBERNO.

É UN COMPROMISO INESCUSABLE E INELUDIBLE DE TODA A SOCIEDADE.“

Sométese á votación a Declaración Institucional e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELADA.

A Sra Trillo Lojo procede a lectura da declaración.



-----INTERVENCIÓNS-----

Non se producen.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

A Sra alcaldesa introduce un asunto por urxencia motivado polo alzamento da suspensión parcial do servizo da piscina como consecuencia da Orde do 25.02.2021.

Ratifícase a urxencia por unanimidade dos membros da Corporación.

ASUNTO: Acordo de alzamento da suspensión parcial do Contrato do Servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee na modalidade de xestión interesada, decretada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29.01.2021. Expediente Nº 2017/C004/000004.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, somete ao Pleno da Corporación, previa ratificación da urxencia do asunto de referencia, a adopción do acordo en base aos seguintes **ANTECEDENTES:**

Considerando que o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2021, acordou:

"(...) PRIMEIRO.- SUSPENSIÓN PARCIAL DO CONTRATO DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CEE NA MODALIDADE DE XESTIÓN INTERESADA, asinado entre o Concello de Cee e Viraxes SL. Expediente Nº 2017/C004/000004, en base ao informe transcrito, dado que afectará a prestación do servizo/actividade pero manterase o mantemento e limpeza da instalación e conforme o RD citado na parte Expositiva.(...)"

Vista a ORDE de 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que indica:

3.15. Actividad deportiva.

1. La realización de la actividad física y deportiva no federada se ajustará a las siguientes reglas, en función de los datos epidemiológicos existentes en los correspondientes ayuntamientos:

a) En los ayuntamientos enumerados en el apartado A del anexo II de la presente orden, la práctica de la actividad física y deportiva no federada solo podrá realizarse al aire libre o en instalaciones deportivas al aire libre, de forma individual o con personas convivientes, y con la utilización de mascarilla.

b) En los ayuntamientos enumerados en los apartados B y C del anexo II de la presente orden, la práctica de la actividad física y deportiva no federada, al aire libre, podrá realizarse de forma individual o colectiva, sin contacto físico. En el caso de la práctica de forma colectiva, el máximo será de cuatro personas de forma simultánea, sean o no convivientes, sin contar, en su caso, el monitor.

En las instalaciones y centros deportivos podrá realizarse actividad deportiva en grupos de hasta cuatro personas, sean o no convivientes, y sin contar al monitor, sin contacto físico, y siempre que no se supere el treinta por ciento de la capacidad máxima permitida. Deberán establecerse las medidas necesarias para procurar la distancia de seguridad interpersonal durante el desarrollo de la actividad.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



También se permite el uso deportivo de las piscinas al aire libre o cubiertas, con un aforo máximo del 30 %.

Deberán realizarse tareas de ventilación en las instalaciones cubiertas durante un mínimo de 30 minutos al inicio y al final de cada jornada, así como de forma frecuente durante esta y, obligatoriamente, al final de cada clase o actividad de grupo. En el caso de la utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse el suministro de aire fresco y no se podrá emplear la función de recirculación del aire interior.

Los vestuarios y zonas de ducha podrán usarse con una ocupación de hasta el 30 % de la capacidad máxima permitida y se procederá a la limpieza y desinfección después de cada uso y al final de la jornada. (...)"

Á vista do exposto, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Alzar a suspensión parcial, decretada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29.01.2021, do Contrato do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee, asinado entre o Concello de Cee e Viraxes SL. Expediente Nº 2017/C004/000004, de conformidade as condicións establecidas na Orden do 25.02.2021 (Dog núm 38 Bis do 25 febreiro) e lexislación concordante.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos así como aos Departamentos de Intervención e Tesourería, con indicación expresa de que acto pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.

-----INTERVENCIÓNS-----

Non se producen.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación o asunto e resulta aprobado por unanimidade dos membros da Corporación.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: Nº 46/2021 do 22 de xaneiro a 158/2021 de 18 de febreiro.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Dominguez Louro: deuse permiso para colocar unha antena temporal para medición dos recursos eólicos en San Pedro Martir, quería saber que información temos a parte da petición da obra e licenza
Sra alcaldesa: a única información que teño é esa licenza para medir o vento para conseguir os permisos correspondentes e poñer un parque eólico en principio sería para colocar 2 muíños de vento, pero teñen que pasar polos tramites correspondentes e facer esa medición, non é seguro que se vaia facer nin que non están cos tramites.

Sr Domínguez Louro: cando se coloca este tipo de antenas acaba habendo un parque eólico por eso lle pregunto si me di que queren colocar 2 teño as miñas dúbidas que sexan 2, con esa información si é a quen ten punto

Sra alcaldesa: 2 con opcións de ampliar a 4 pero en principio 2

Sr Domínguez Louro: 4 e os que veñan despois

Sra alcaldesa: son os datos que teño

Sr Domínguez García: decirle que neste caso terán que solicitar unha concesión rógolle que estiveramos pendentes para presentar unha solicitude de concesión en competencia para o ayuntamiento porque si se vai colocar un aeorogenerador polo menos que sexa para o concello, eu no seu día soliciteino e conseguir un parque singular que neste momento pode solicitarse tamén, estar pendentes porque igual hai que presentar unha solicitude de concesión en competencia para que se lle conceda o concello

Sr Vigo: quería preguntar respecto a unha resolución que fai referencia a non acreditación de solvencia da empresa a que se tiña que adxudicar o servizo de escola de música, como está eso, como queda?

Sra alcaldesa: quedou deserto o procedemento, iniciouse un novo procedemento de licitación agora presentaron unha empresa unhas alegacións porque entenden que hai que subrogar o persoal, polo menos fai 10 anos seguían un criterio nunca se plantexou esta situación agora a esta licitación plantean que é necesario a subrogación de persoal conforme o convenio colectivo de ensinanza non reglada hai que subrogar o persoal, se vai a desistir do procedemento e confeccionar uns novos pregos para sacar a licitación.

Sra Iglesias: siguen prorrogados Sons da Costa, hasta cuando?

Sra alcaldesa: mentras non se cubra a licitación seguiran de prorroga

Sra Iglesias: cuanto tiempo levan ya de prórroga ahora mismo?

Sra alcaldesa: 5 meses máis o menos creo

Sra Iglesias: para este curso nada porque si queda desierto tiene que volver a salir y continuaran ellos

Sra alcaldesa: va a la JGL el martes este punto, se va a desistir y confeccionar unos nuevos pliegos

Sra Iglesias: hasta cuanto tiempo pueden prorrogar por ley o pueden indefinidamente hasta que salga una nueva empresa?

Sra alcaldesa: máximo son 6 meses

Sra Iglesias: 6 meses, la situación está complicada entonces para seguir prorrogando 6 meses que tiene que haber un informe de secretaría que diga que se continúe o cual es el proceso legal?

Sra alcaldesa: el proceso legal?

Sra Iglesias: si la secretaria dice lo maximo 6 y van a pasar porque si quedó desierto y pasaron 5 no se va adjudicar en un mes, que hai que hacer?

Sra alcaldesa: continuaran prestando el servicio hasta que se cubra la licitación evidentemente tienen que acabar este curso

Sra Iglesias: pero eso la secretaria se puede hacer sin problema, habrá informes de secretaría previo o alcaldía?

Sra alcaldesa: tendré que justificar el motivo y la razón por la cual el servicio se va a seguir prestando hasta que termine el curso porque estamos licitando, estamos actuando, no estamos parados sin realizar nada



Sra Iglesias: parados no, la primera vez que se sacó y quedó desierto

Sra alcaldesa: 3 veces desierto

Sra Iglesias: no entiendo que si la empresa que está trabajando que lleva años que se presenta año tras año, me extraña hablo por experiencia, normalmente siempre hay un funcionario que te avisa que se acaba el plazo y se les avisaba a las empresas por si estaban interesadas, es raro que haya quedado desierto cuando después si se presentaron que lleva años aquí, quizá el problema estuvo ahí, no lo se

Sra alcaldesa: la primera vez que se sacó surgió el tema del Covid, no se si se despistó la empresa y no se presentó o con el estado de alarma se interrumpieron los plazos, la empresa no se presentó, después se presentó 2 veces, posteriormente que hubo errores las dos veces.

Sra Iglesias: lo que me extraña la primera vez sobre todo porque mas o menos funciona así y está la buena voluntad del funcionario que avisa, y gente que lleva años me extraña como puede pasar con teatro o guardaría como se presentan año tras año me pareció extraño que quedara desierto la primera vez.

Sra alcaldesa: pues Sra Iglesias el funcionario que normalmente le avisa se despisto también.

Sra Iglesias: no tiene nombre ni apellido es la buena voluntad que tiene la gente en el trabajo, funcionario/a/os/as.

Sra alcaldesa: se debió despistar

Sra Iglesias: los funcionarios avisan al político, lo que era conmigo con servicios sociales, lo mismo en cultura no hay un funcionario designado para eso

Sra alcaldesa: digo que el funcionario que fuese que avisaba se despistó, en todo caso la empresa que quiere presentarse tiene que estar pendiente, si no muestra interés y tiene que estar avisando desde el concello no me parece correcto

Sra Iglesias: el concello no está obligado a avisar a nadie lo tengo clarísimo pero es una pena porque ahora nos encontramos con esto

Sr Vigo: más que nada que por la tipología del servicio no se vea interrumpido, entiendo los problemas a nivel administrativo y a la hora de la contratación que puede pasar y que si se reitera en el tiempo habrá que ver lo que pasa si la oferta no es suficientemente atractiva para que no vengán empresas por ejemplo el Saf pasaba eso al principio hubo que aumentar cantidades para que hubiese un nº de empresas interesadas en licitar y eso es así lo comentaba no hace mucho en un pleno la propia concejala de servicios sociales actual que decía que los precios son los que son y hay que jugar con las cantidades que hai, sobre todo por las características del servicio y porque interrumpir algo que lleva tanto tiempo funcionado por un tema de contratación es una pena

Sra alcaldesa: en todo caso hay que tener en cuenta también las circunstancias excepcionales cuando salió la primera licitación fue la pandemia, se le pasó a la empresa presentarse, en todo caso se presentó con posterioridad, si hubo empresas interesadas no es que quedase desierto porque no se presentarán empresas el tema es que una cometió errores y la otra no tuvo la solvencia correspondiente y ahora tenemos que volver a sacar y dar continuidad a la prestación del servicio.

Quedan enterados/as

8. **DAR CONTA DOS ENVIOS O ESTADO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021. EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000039:**
 - A) **MOROSIDADE 4T 2020**

Quedan enterados/as

- B) **PMP 4T2020**

Quedan enterados/as

- C) **EXECUCIÓN TRIMESTRAL4T2020**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Quedan enterados/as.

9. Mocións de urxencia.

Sr Domínguez García: Nos temos unha moción presentada

Sra alcaldesa: Xustifica a urxencia?

Sr Domínguez García: Si claro, leo o enunciado da moción que ten Agueda.

A Sra Díaz Mejuto:

Os membros do Grupo Municipal Popular, ao abeiro do disposto no artigo 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, formulan, para o seu debate e, no seu caso, aprobación no Pleno ordinario para celebrar o día 26 de febreiro de 2021 a seguinte moción, ya teneis todos la moción

Sr Domínguez García: espera que hai que votar a urxencia

Sra alcaldesa: sometemos a votación la urgencia aunque no está justificada

Sr Domínguez García: no hay otra forma de presentarla

Sra alcaldesa: pero se puede justificar por algo, por la necesidad urgente de sacar los peajes o la bonificación, argumentar algo, solo es argumentar un poco.

Ratifícase a urxencia por unanimidade dos membros da corporación

Dase conta da moción:

MOCIÓN PARA PEDIR A APLICACIÓN INMEDIATA DAS BONIFICACIÓNS NA AP-9

A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que non se están a aplicar nesta autoestrada: como a bonificación das tarifas, e a invalidación das subas extraordinarias anuais. Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario "nulo de pleno dereito". Esta suba, que se está a aplicar dende o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia, e tarifas que seguirán aumentando progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas. Este suba das peaxes redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España. Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúa sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes dende 2018. Non



podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes obras pendentes como a ampliación da avenida de Alfonso Molina e o Vial 18 na Coruña; o remate da saídas en Ferrol; o enlace Orbital en Santiago; a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra; ou a integración urbana en Vigo. Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno de España:

1. Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.
2. A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.
3. A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: quiere explicar algo Sra Díaz?

Sra Díaz: no

Sr Domínguez Louro: nos vamos votar a favor porque creemos que AP 9 é un espolio a este país e audasa e o propio estado español son os beneficiarios o Psoe prorrogou ata o 2023 e o Sr Aznar ata o 2048 co cal a autopista que vertebra o país galego vai estar sometida a 75 anos de condena, o máximo que permite a lei, alégranos que o Pp traia isto e tamén temos que dicir que si o trae o pleno grazas o noso portavoz o único deputado que temos en Madrid que puxo esto enriba da mesa cando se asinou o acordo de investidura co PSOE do Sr Sánchez, a AP9 e que veña esto a pleno hoxe para o noso entender un deputado en Madrid que non estea sumiso os intereses dos partidos estatais é moi importante, a AP 9 leva recaudado 2.300 millóns polo estado, 1876 foron recaudados pola privatización da AP9 e mais de 700 foron ingresados no imposto polo valor engadido en impostos de sociedades, algo que nos parece importante que estas cifras e cando falamos tamén de audasa importante recordar que a propia audasa recauda e vai pagar os impostos a capital do estado español compre recordalo cando se fagan aseveracións que non teñen moito sentido como que galiza é deficitaria co estado español e demais, vamos votalo a favor celebramos que o PP o traiga e o bng non se vai conformar onde estea presente, que AP 9 se rebaixe o peaxe ou certas bondades, nos seguiremos pelexando para unha AP9 libre de peaxe e se siga o exemplo doutros sitios do estado español como zaragoza-Barcelona, Tarrogana-Alicante ou Burgos, benvido o partido Pp a coherencia e oxalá sirva para que noutras cousas tan coherente para nos como a tarifa eléctrica galega oxalá que sigan ese exemplo e que o Sr Feijó diga que no resto de España non entendería unha tarifa eléctrica galega.

Sr Domínguez Garcia: Gracias Sr Dominguez Louro.

Sra alcaldesa: vamos a votar a favor, solamente decir que el gobierno presupuesto 63 millones para bonificaciones en el 2021 y está negociando un acuerdo para la rebaja de los peajes hasta el 2048, se prevé que sea en el primer semestre por lo tanto vamos a votar a favor.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese a Moción á votación e resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

O Sr Domínguez Louro introduce a moción de apoio o 8M dado que é inminente, faltan 10 días e non vai haber un pleno antes e queríamos tratar esta moción que enviei a mediodía a todos os portavoces.



Ratifícase a urxencia por unanimidade dos membros da Corporación.

Dase conta da moción:

MOCIÓN SOBRE O 8 DE MARZO E O SAF

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste o presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Unha situación agravada por esta crise, que continuará empeorando de non tomarse medidas contundentes encamiñadas a que a reactivación económica e social non se desenvolva a costa das mulleres, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.



Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres. Hoxe, as que sostemos o presente imos saír ás rúas e facer folga para cambiar o futuro, para construír un futuro de igualdade, liberdade e feminismo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da corporación o seguinte **ACORDO**:

1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, que demostrou como a vida non podería sosterse sen cuidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

